



Museo
do Pobo
Galego



iEi
instituto de
estudos das
identidades

Miña mai mandoume á fonte,
á fonte do salgueiriño,
mandoume lava-la xarra
marcheinlle cun bouquelíño.

(...)

Miña mai mandoume á fonte,
á fonte do salgueiriño,
e mandoume lava-la xarra
ca flor do romeiriño.

E laveina con area,
e marcheille con bouquelíño
“Anda tu, perra traidora,
¿onde tíña-lo sentido?”

“Nin o tiña na roca
nin tampouco no sarillo
que o tiña naquel galán, madre,
que de amores andaba comigo.”

Miña mai mandoume á fonte,
á fonte do salgueiriño,
mandoume lava-la xarra
ca flor do romeiriño.

I eu laveina con area,
marcheille cun boucalíño
“Anda tu, perra traidora,
¿onde tíña-lo sentido?”

“Nin o tiña na roca
nin tampouco no sarillo
co tiña naquel galán, madre,
que de amor anda comigo.”